




# O CARREIRÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 4 km  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 2 h



Unha ruta circular para gozar da paisaxe e dunha rica flora e fauna.

O Carreirón ocupa unha península na parte sur da Illa de Arousa cunha gran diversidade de ecosistemas: areais e praias, dunas, zonas rochosas, mato e áreas húmidas... A flora de maior valor ecolóxico atópase nas dunas onde se poden localizar numerosas especies protexidas. É lugar de invernada de limícolas: píldora cincenta, mazarico, bilurico, pilro... tamén se poden ver garzas, corvos mariños, parrulos, mergos... Forma parte do LIC "Ons O Grove" e está protexido tamén como ZEPA e humidal RAMSAR.

## COMO CHEGAR

Despois de cruzar a ponte collemos un desvío á esquerda na segunda rotonda e seguimos os indicadores ata o aparcamento. A ruta segue a liña de costa e está indicada.



Vista dunha das praias do Carreirón.



Mazaricos



*Linaria arenaria*, unha planta dos areais que só se atopa no oeste de Francia e en Galicia, onde cada vez é máis rara. Un dos poucos lugares onde vive é nas praias do Carreirón.



Praia de Xestelas